

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES CULTURAIAS DO ANO DA LINGUA 2018 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 26 DE MARZO DE 2018 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES CULTURAIAS DO ANO DA LINGUA 2018 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

BDNS(Identif.):392271

De conformidade co lo previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

1. Beneficiarios:

As entidades xurídicas que: carezan de fins de lucro, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas, non estean incursos en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ó corrente coas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación.

2. Obxecto

Subvencións para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as persoas físicas ou xurídicas sen fins de lucro, en especial, as actividades dirixidas á reivindicación e difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra, entre as que podemos sinalar: xornadas e eventos relacionados coa memoria histórica, actividades relacionadas co patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico e natural, actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia, festivais, mostras, encontros, certames, etc.



Mércores, 4 de abril de 2018

Núm. 65

3. Bases reguladoras

Bases de subvenciones aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 26 de marzo de 2018, Lei 38/2003, xeral de subvencións, Regulamento da Lei xeral de subvencións (R.d. 887/2006, de 21 de xullo) e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

4. Contía

260.000,00 €.

5. Prazo de presentación

Empezará a partir do día seguinte á publicación do extracto de dita convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e terminará o 30 de abril de 2018.

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base cuarta.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base sétima da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e acreditar a debida difusión, nos termos previstos na base décima da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 28 de febreiro de 2019.

En Pontevedra, a 27 de marzo de 2018, A presidenta.—María del Carmen Silva Rego

